



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 19 DE NOVEMBRO DO 2015.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D^a Fabiola García Martínez (Alcaldesa en funcións – Decreto 18/11/2015)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a Aroa Fernández Cadórniga D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey D^a María Herminia Pouso Maneiro</p>	<p>Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario en funcións D. José Martínez de Llano Orosa</p> <p>Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as trece horas do día dezanove de novembro do dous mil quince, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningunha para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 17/11/2015, do que resulta un total líquido acumulado de 84.732,78 €, e que será asinado polo secretario en funcións para constancia do seu contido.



B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	10/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Mantemento das estacións de bombeo da EDAR de Corrubedo durante o mes de decembro de 2015		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (10/11/2015)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.		
NIF/CIF:	A15168156		
Importe (IVE incluído):	3.622,59 €		
Observacións	Gastos autorizados para un periodo de seis meses (a partir do 01/12/2015) por un importe total de 21.735,53 €, I.V.E. incluído		

Nº Proposta	2	Data	29/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de libros para a Biblioteca Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARIA OTERO MARTI
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARIA OTERO MARTI		
NIF/CIF:	53863973C		
Importe (IVE incluído):	609,85 €		
Observacións			

Nº Proposta	3	Data	13/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de libros para a Biblioteca Municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NOVA GALICIA EDICIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NOVA GALICIA EDICIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B36818003		
Importe (IVE incluído):	951,96 €		
Observacións			



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	4	Data	21/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Cambio aceite/filtros e reparación freos do Nissan Terrano 6713DNF de Protección Civil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE incluído):	606,73 €		
Observacións			

Nº Proposta	5	Data	24/10/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación freos, cambio amortiguadores e subsanación doutros defectos graves en ITV da furgoneta C8479CD		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ		
NIF/CIF:	52459904D		
Importe (IVE incluído):	1.715,70 €		
Observacións			

Nº Proposta	6	Data	17/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	26 días servizos vixiante de mercados (23/11-23/12/2015) por vacacións do titulas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE incluído):	1.953,67 €		
Observacións			

Nº Proposta	7	Data	16/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción, Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizos de seguridade no Centro de Interpretación Arqueolóxica do Parque de San Roque, recuperación alarma existente (517,92 €) e mantemento anual (441,01 €)		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- GUNNEBO ESPAÑA, S.A. - SECURITAS DIRECT



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

			- APER SEGURIDAD - SYS GALICIA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GUNNEBO ESPAÑA, S.A.		
NIF/CIF:	A61213989		
Importe (IVE incluído):	958,93 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local , por unanimidade dos presentes, acorda reclamar á empresa Aper Seguridad a parte proporcional da cuantía do mantemento non disfrutado desde a data 02/06/2015.		

Nº Proposta	8	Data	18/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Xerente de Actividades Deportivas José Miguel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 780 mochilas cordóns para agasallo co motivo da celebración do Cross Escolar o vindeiro 27/11/2015, en homenaxe a Vicente R. Fernández García		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PUBLICOLOR SERIGRAFÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PUBLICOLOR SERIGRAFÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15805773		
Importe (IVE incluído):	850,03 €		
Observacións			

Nº Proposta	9	Data	18/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Xerente de Actividades Deportivas José Miguel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 29 caixas de auga mineral co motivo da celebración do Cross Escolar o vindeiro 27/11/2015, en homenaxe a Vicente R. Fernández García		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BODEGAS LA PARRA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BODEGAS LA PARRA, S.A.		
NIF/CIF:	A15134489		
Importe (IVE incluído):	105,91 €		
Observacións			

Nº Proposta	10	Data	17/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción, Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración cartelería, lonas, invitacións e outros co motivo da exposición da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	339,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	11	Data	17/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción, Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparto e pegada de 60 carteis polas rúas co motivo da exposición da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ASOCIACIÓN CULTURAL A GANDAINA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ASOCIACIÓN CULTURAL A GANDAINA		
NIF/CIF:	G15763162		
Importe (Exento IVE):	24,00 €		
Observacións			

Nº Proposta	12	Data	17/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción, Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Seguro de obras de arte co motivo da exposición da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BVC ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.		
NIF/CIF:			
Importe (IVE incluído):	329,24 €		
Observacións			

Nº Proposta	13	Data	17/11/2015
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción, Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de 22 horas de montaxe/desmontaxe co motivo da exposición da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE incluído):	374,54 €		
Observacións			



SOLICITUDES BONO-BUS.

1.- Visto o escrito presentado por **Jessica Doval Rivademar**, de data 03/11/2015 (Rexistro de entrada nº 11.236), no que solicita o servizo de bono-bus co motivo de contratar os servizos da empresa Forbe Multimedia, S.L. para a preparación de oposicións ao corpo de funcionarios da Xunta de Galicia, polo que require desprazarse a Santiago de Compostela. Esta formación non se oferta no Concello de Riveira nin nos concellos limítrofes.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 09/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a expedición de bono-bus a **Jessica Doval Rivademar**.

2.- Visto o escrito presentado por Juan Antonio Argibay Pérez, en representación de **Cristina Argibay Oujo**, de data 15/10/2015 (Rexistro de entrada nº 10.648), no que solicita o servizo de bono-bus co motivo estar matriculada no 2º curso de bacharelato no CPR Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro, de data 19/10/2015, no que sinala que esta formación regrada ofértase en centros públicos e privados do Concello de Riveira e, polo tanto, é posible realizar estes estudos sen ter que asumir os custos de desprazamento a Santiago de Compostela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda denegar** a axuda en transporte a **Jessica Doval Rivademar**.

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO-FAMILIAR

1.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 03/11/2015, en relación ao escrito presentado, de data 28/10/2015 (Rexistro de entrada nº 11.081), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 30/10/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **139,33 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago dun recibo de subministro eléctrico (99,12 €) e taxas de auga trim. 2/2015 (40,21 €).



2.- Visto a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 12/11/2015, en relación ao escrito presentado, de data 11/11/2015 (Rexistro de entrada nº 11.652), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 12/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **40,74 €**, para sufragar os gastos correspondentes ao pago dun recibo de subministro eléctrico.

MOSTRA DE TEATRO 2015: AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DE ESPECTÁCULO INCLUÍDO NO PROGRAMA REDE CULTURAL 2015.

Visto o **informe/proposta da Concelleira Delegada de Cultura**, Fabiola García Martínez, de data 18/11/2015, no que solicita autorización para tramitar ante a Deputación Provincial da Coruña a substitución da obra de teatro “Mil Primaveiras” polo espectáculo “Sopa de Sapo” de Producións Talía Teatro, S.L., dentro do programa Rede Cultural 2015.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda conceder autorización** para tramitar ante a Deputación Provincial da Coruña a substitución da obra de teatro “Mil Primaveiras” polo espectáculo “Sopa de Sapo” de Producións Talía Teatro, S.L., dentro do programa Rede Cultural 2015.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado “MELLORAS NA CAPELA DE CARREIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “**Melloras na Capela de Carreira**”, cun orzamento total por contrata de 99.864,78 euros (valor estimado do contrato: 82.532,88 euros; IVE 21%: 17.331,90 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro de 2015, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión da data 08/10/2015.



O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61921, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa citada sesión da data 08/10/2015.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) “Construcciones Figueiras Vixán, S.L.”.- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.022.

B) “Tarrío y Suárez, S.L.”.- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.023.

C) “Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.”.- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.024.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 13/11/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1.- “Construcciones Figueiras Vixán, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 09/11/2015 co número 11.502.

2.- “Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.714.

3.-“Tarrío y Suárez, S.L.” Oferta que foi rexistrada de entrada na data 13/11/2015 co número 11.796.

A apertura dos sobres “A” (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/11/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público da apertura dos sobres “B” de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 19/11/2015, dando o seguinte resultado:

Licitador	Oferta económica
-----------	------------------



	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total
Construcciones Figueiras Vixán, S.L.	73.000,00 €	15.330,00 €	88.330,00 €
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	76.755,58 €	16.118,67 €	92.874,25 €
Tarrío y Suárez, S.L.	78.406,23 €	16.465,31 €	94.871,54 €

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.5 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 19/11/2015.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado “MELLORAS NA CAPELA DE CARREIRA”**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado IVE. 21% incluído
1º	Construcciones Figueiras Vixán, S.L.	88.330,00 €
2º	Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	92.874,25 €
3º	Tarrío y Suárez, S.L.	94.871,54 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A “CONSTRUCCIONES FIGUEIRAS VIXÁN, S.L.”**, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a **garantía definitiva e demais documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo



3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

2.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación, para a adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO DO OUTEIRO. TRAMO 1 (ARTES)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de **“Pavimentación do entorno do Cruceiro do Outeiro. Tramo 1 (Artes)”**, cun orzamento total por contrata de 57.738,59 euros (valor estimado do contrato: 47.717,84 euros; IVE 21%: 10.020,75 euros), e cun prazo de execución de 1,5 meses.

O investimento foi incluído no **“POS adicional 1/2014”**, aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 26/05/2015, segundo notificación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 04/06/2015 co número 5741.

O proxecto foi redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data abril de 2015.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61942, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 29/10/2015.

Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

A) “Sonense de Granitos, S.L.”.- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída



na data 04/11/2015, co número 7.025.

B) "Excavaciones Abelleira, S.L."- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.026.

C) "Excavaciones Nima, S.L."- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.027.

D) "Florida Galicia, S.L."- Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 04/11/2015, co número 7.028.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, Manuel Antonio Pino Rengel, na data 13/11/2015 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1.- "Sonense de Granitos, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/11/2015 co número 11.588.

2.- "Florida Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/11/2015 co número 11.589.

3.- "Excavaciones Abelleira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 11/11/2015 co número 11.648.

4.- "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/11/2015 co número 11.730.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 16/11/2015, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás catro empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público da apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 19/11/2015, dando o seguinte resultado:

Licitador	Oferta económica		
	Valor estimado	IVE 21%	Prezo total
Sonense de Granitos, S.L.	37.697,09 €	7.916,39 €	45.613,48 €
Florida Galicia, S.L.	38.412,86 €	8.066,70 €	46.479,56 €
Excavaciones Abelleira, S.L.	38.315,00 €	8.046,15 €	46.361,15 €
Excavaciones Nima, S.L.	37.421,31 €	7.858,48 €	45.279,79 €

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece o Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados. Polo tanto, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor



deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa mencionada reunión da data 19/11/2015.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN DO ENTORNO DO CRUCEIRO DO OUTEIRO. TRAMO 1 (ARTES)”**, do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado IVE. 21% incluído
1º	Excavaciones Nima, S.L.	45.279,79 €
2º	Sonense de Granitos, S.L.	45.613,48 €
3º	Excavaciones Abelleira, S.L.	46.361,15 €
4º	Florida Galicia, S.L.	46.479,56 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **REQUIRIR A “EXCAVACIONES NIMA, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a garantía definitiva e demais documentación que se indica nas cláusulas 12.1 e 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.



3.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato para a “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CONTROL DE ACCESOS EN VARIAS RÚAS PEONÍS DE RIVEIRA (RÚA GALICIA E RÚA SANTA UXÍA).”

Visto o expediente que se tramita para contratar a “**Subministración e instalación dun sistema de control de accesos en varias rúas peonís de Riveira (rúa Galicia e rúa Santa Uxía).**”, cun orzamento total por contrata de 99.313,76 euros (valor estimado do contrato: 82.077,49 euros; IVE 21%: 17.236,27 euros), e cun prazo de execución de 75 días naturais.

O Prego de prescricións técnicas, asinado pola enxeñeira municipal D^a. Uxía Landeira Pereira na data 23/04/2014, foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión da data 28/04/2014.

O expediente de contratación (por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 133.623.00, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local en sesión da data 06/11/2014.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito ó Rexistro Xeral, D. Manuel Pino Rengel, na data 12/12/2014 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas:

1. “Veloredcontrol, S.L.”.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2014, co número 14.860, enviada a través da oficina de correos na data 01/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 01/12/2014 co número 14.724).

2. “Integraciones Técnicas de Seguridad, S.A.”.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2014, co número 14.861, enviada a través da oficina de correos na data 02/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 02/12/2014 co número 14.791).

3. “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.”.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2014, co número 14.863, enviada a través da oficina de correos na data 02/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 02/12/2014 co número 14.794).

4. “Ecocomputer, S.L.”.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2014, co número 14.862 (os sobres “A” e “C”) e na data 04/12/2014 (o sobre “B”) co número 14.965, enviada a través da oficina de correos na data 02/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 02/12/2014 co número 14.800).

5. “Esycsa”.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2014, co número 14.864, enviada a través da oficina de correos na data 02/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 02/12/2014 co número 14.793).



6. "Vialine Gestión, S.L." .- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 04/12/2014, co número 14.924, enviada a través da oficina de correos na data 02/12/2014 (comunicación vía fax que tivo entrada no rexistro xeral na data 02/12/2014 co número 14.803).

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 15/12/2014, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás seis empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é suficiente.

O acto público de apertura dos sobres "B" de criterios subxectivos avaliábeis mediante xuízos de valor (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 18/12/2014, na que se acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" ós servizos técnicos municipais para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran no Anexo II (1ª fase) do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 23/10/2015 a enxeñeira municipal D^a. Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 18/12/2014, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. No mesmo informe tamén se indica que:

"Non se valoraron as seguintes ofertas por incumprir o apartado 10.2 do P.C.A.P. "Calquera referencia neste sobre B da que poida deducirse a proposición presentada no sobre C do licitador dará lugar á non admisión da mesma"":

EMPRESA	INCUMPRIMENTO
VELORED	Prazo de execución de 6 semanas e 1 día
VIALINE	Prazo de execución de 7 días
INTEGRA	Prazo de execución do 5 de xaneiro ó 12 de febreiro

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 27/10/2015, acordou:

- *Declarar excluídas da licitación ás empresas seguintes por incumprir o apartado 10.2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares: "Calquera referencia neste sobre "B" da que poida deducirse a proposición presentada no sobre "C" do licitador dará lugar á non admisión da mesma":*

- *"Veloredcontrol, S.L."- Indica no sobre "B" da súa oferta un prazo de execución de 6 semanas e 1 día.*

- *"Vialine Gestión, S.L." - Indica no sobre "B" da súa oferta un prazo de execución de 7 días.*

- *"Integraciones Técnicas de Seguridad, S.A." - Indica no sobre "B" da súa oferta un prazo de execución desde o 5 de xaneiro ó 12 de febreiro.*



- *Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios subxectivos avaliados mediante xuízos de valor:*

EMPRESA	Detalle do material a entregar, características técnicas e elementos gráficos que permitan visualizar os elementos propostos (de 0 a 30 pts)	Proposta de instalación e programa de traballo detallado para o prazo de duración da instalación (de 0 a 20 pts)	PUNTUACIÓN
EULOGIO VIÑAL	16,5	8	24,50
ESYCSA	13,5	12	25,50
ECOCOMPUTER	28,5	15	43,50

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 27/10/2015, fixo público o resultado anteriormente detallado, procedendo a continuación á apertura dos sobres "C" de criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas, da proposta de redución de prazos de execución e de ampliación do prazo de garantía ofertados, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	VALOR ESTIMADO (IVE excluído)	PRAZO OFERTADO (días naturais)	PRAZO DE GARANTÍA OFERTADO
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	75.740,25 €	45	2,50
Ecocomputer, S.L.	66.975,36 €	49	5,00
Esycsa	75.511,29 €	60	1,50

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada pola empresa "Ecocomputer, S.L." debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Alcaldía, por Decreto da data 27/10/2015, resolveu dar audiencia á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificase a súa oferta económica, en base ós criterios obxectivos indicados no mencionado Decreto.

Dentro do prazo concedido a empresa "Ecocomputer, S.L." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 12/11/2015 co número 11.758.

Con data 19/11/2015 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu informe sobre a documentación presentada pola empresa "Ecocomputer, S.L.", no que conclúe que:

"Na documentación presentada por Ecocomputer, S.L. expón adecuadamente os motivos especialmente vantaxosos que lle levaron a realizar a súa oferta xa que



contan con software e báculos de fabricación propia, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada e propón aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa "Ecocomputer, S.L."

Na súa reunión da data 19/11/2015 procedeuse pola Mesa de Contratación a realizar o cálculo das puntuacións das ofertas económicas, de redución de prazo de execución e de ampliación do prazo de garantía, de acordo coas fórmulas establecidas no Anexo II. Criterios fase 2ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO	PRAZO	AMPLIACIÓN GARANTÍA
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	26,53	10,00	2,00
Ecocomputer, S.L.	30,00	9,00	8,00
Esycsa	26,61	8,00	0,00

Vistos os antecedentes expostos.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa citada reunión da data 19/11/2015.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/11/2015 así como da documentación presentada pola empresa como xustificación da súa oferta, considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Ecocomputer, S.L."

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Subministración e instalación dun sistema de control de accesos en varias rúas peonís de Riveira (rúa Galicia e rúa Santa Uxía)",** do seguinte xeito:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓNS SOBRE B	PUNTUACIÓNS SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL FINAL
1º	Ecocomputer, S.L.	43,50	47,00	90,50
2º	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	24,50	38,53	63,03
3º	Esycsa	25,50	34,61	60,11

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto



refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a “Ecocomputer, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 15.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación.

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Adolfo José Villaverde Rodríguez actuando en nome e representación da **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**, de data 16/11/2015 (Rexistro de entrada nº 11.820), no que solicita licenza de obra para a construción de aula no Centro Integrado de Formación Profesional de Coroso, sito na Avda da Coruña nº 174-C, Riveira en parcela con refª catastral nº 001703400NH01C0001BM.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no



expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 17/11/2015, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 17/11/2015, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA LICENZA DE OBRAS (Nº 88/15)** para levar a cabo a **CONSTRUCCIÓN DE AULA NO CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE COROSO**, sito na Avda da Coruña nº 174-C, Riveira en parcela con refª catastral nº 001703400NH01C0001BM, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 6.11.15 redactado por Carlos Landeira Caamaño.

Segundo.- Someter o expediente ao Pleno da Corporación aos efectos de bonificación de taxas municipais.

Terceiro.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos*



residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
